

ACTA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 24/01/2017

Asistentes:

DIRECTOR: Euloxio Santos Leites
XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.

SECRETARIA: Mercedes Couto García.

PROFESORADO:

Alonso Quevedo, Xosé Carlos Ces García, Santiago

García Giménez, Margarita Montserrat Paz Núñez

López Meléndez, Dolores

Seara Escudero, Santos

PAS:

Vázquez Salgado, Ángeles

PAIS/NAIS:

Calvo Domingo, Almudena

Dotras Botas, Marta

ALUMNOS/AS:

Bautista Alonso, Marta

Goldenberg Mazino, Benjamín

En Vigo, sendo as 19:30 horas do día 24 de Xaneiro de 2017, reúnense na aula C5 os/as componentes do Consello escolar do IES Politécnico de Vigo, coa asistencia que na marxe se indica para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.
2. Presentación e aprobación, se proceder da Conta de gastos do ano 2016.
3. Presentación e aprobación, se proceder, do orzamento para o ano 2017.
4. Proposta de actividades para o 2º trimestre.
5. Información e análise dos resultados da 1ª Avalación
6. Outras informacíóns.

7. Rogos e preguntas.

No 1º punto da orde do día, a Secretaría Mercedes Couto da lectura a acta do Consello escolar do día 13 de Decembro de 2016, aprobándose por unanimidade.

No 2º punto da orde do día explícase a conta de gastos realizados durante o ano 2016, que ascende a 480.070,19 euros, así como o de ingresos que acada os 631.390,74 euros, do que se desprende que queda un remanente para incorporar ao exercicio de 2017 de 151.320,55 euros. Ditas contas foron previamente informadas pola Comisión económica. Apróbase por unanimidade a conta de gastos.

No 3º punto da orde do día explícase a proposta de orzamento para o ano 2017 que fai a Comisión económica, que ascende á 561.320,55 euros. Aprobase por unanimidade a proposta de orzamentos.

No 4º punto da orde do día o Sr. Director da lectura a proposta de actividades para o 2º trimestre, coa advertencia de que poderán incorporarse algunha máis que os departamentos consideren de interese. Apróbase por unanimidade

No 5º punto da orde do día, o director da lectura o informe de resultados da 1ª avaliación do alumnado de ESO e Bacharelato, do que se pode destacar:

- Uns bos resultados en 1º da ESO.
- Un lixeiro descenso en 2º da ESO respecto aos resultados que este curso tuvo o ano pasado en 1º.
- Un mal resultado en 3º de ESO, que se corresponde co curso que arrastra estes resultados xa dos cursos anteriores. Únese a problemática dos alumnos/as rebotados procedentes doutros centros.
- Moi bo resultado en 4º da ESO
- En 1º de bacharelato hai un moi bo resultado dos grupos de ciencias, que mellora os resultados do curso pasado, e un resultado normal dos grupos de artes.
- En 2º de bacharelato prodúcense uns resultados normais

Ponse de manifesto a importancia da acción titorial desenvolta polos titores/as nos bos resultados, a pesar dos grupos numerosos e da falta de horas de titoría.

A nai Marta Dotras pregunta a qué pode ser debido a baixada de rendimento en 2º da ESO, repondéndolle os/as profesores/as presentes que confían en que como todos los cursos, sexa algo coxuntural e que os resultados melloren no 2º trimestre.

No 6º punto da orde do día o Sr. Director informa do seguinte:

- a) Os Alumnos dos CS de ARI e PPFM premiados nas skills na fase autonómica, participarán na fase estatal dende o día 28 de febreiro ata o 4 de marzo.

En rogos e preguntas, formúlanse os seguintes:

- a) A nai almudena Calvo pregunta pola situación das revalidas de 4º de ESO, respóndelle o director, que éstas terán carácter diagnóstico e serán designados os centros que as leven a cabo por parte da Consellería.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por finalizado o Consello Escolar sendo ás 20:20 horas levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Vigo ,24 de Xaneiro de 2016.

Asdo. A Secretaria
Mercedes Couto García

Vº Bº O Director
Euloxio santos Leites